

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
O DÍA 09/01/2023  
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDENTE**

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

**CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

MATILDE LAYA LORENZO  
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO  
ARGIMIRO SERÉN MERA  
DIEGO GARCIA SANTIAGO  
LUZ MARIA ABALO PÉREZ  
LINO MOURIÑO SANTIAGO

Lista de non asistentes

ALBERTO VARELA PAZ

**SECRETARIA**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTORA**

MONSERRAT CORES VAZQUEZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:40 horas do día 09/01/2023 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión . Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 02-ene-2023, que se aprobou por unanimidade.

**RÉXIME INTERIOR**

**PRP2023/0006**

Dáse conta de escrito remitido pola Federación Española de Municipios e Provincias comunicando a ratificación, na reunión de 15 de decembro de 2022, da petición deste Concello de adhesión á Sección da FEMP Rede Española de Ciudades Saudables.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2023/0007**

Dáse conta de escrito da empresa Espina & Delfín SL, concesionaria do Servizo Municipal de Augas, comunicando o arrastre de cinzas e terra ao encoro de Castroagudín tralo incendio e posterior tala de árbores, que provocan a chegada de agua á planta potabilizadora con valores de turbidez elevados. Achegan reportaxe fotográfica.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2023/0008**

Dáse conta de escrito do Director Xeral do IGVS achegando, unha vez realizado o trámite de sinatura, addenda para a modificación dos Acordos de Comisión Bilateral relativos ás Áreas de Rexeneración e Renovación Urbanas, correspondentes ao Plan Estatal de Fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2015 e a súa prórroga.

A addenda ten por obxecto a ampliación do prazo de execución das actuacións, nas Áreas de Rexeneración e Renovación Urbanas, ata o 31-12-2023.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2022/4843**

Dáse conta de escrito presentado por D. Carlos Cuevas Castiñeiras solicitando a instalación dun badén para reducir a velocidade dos vehículos na Rúa Pedral nº 24.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda realizar un seguimento co radar, para contabilizar o número de vehículos que pasan, así como as velocidades ás que circulan, e segundo eses parámetros valorar a colocación do redutor de velocidade.

#### **PRP2022/4844**

Dáse conta de escrito presentado por Dona Maruxa Elena Chapela Bouzas de queixas sobre diversas cuestións, entre outras, as relativas ao tráfico nas inmediacións da Rúa Escardia, o seu acceso á estación e Rosalía de Castro.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que polo Departamento de Electricidade se proceda a adiantar tres segundos o ciclo do semáforo existente no cruce das Rúas San Xosé coa Avda. Rosalía de Castro co fin de facilitar a incorporación de vehículos.

Así mesmo que se proceda á maior brevidade posible ao pintado da estrada que sube cara Guillán dende a ponte, así como do paso de peóns existente na intersección coa Rúa Escardia.

Dar conta ao Departamento de Electricidade e Servizo Municipal de Obras.

## **TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **TURISMO**

#### **PRP2023/0004**

A Deputación Provincial de Pontevedra aprobou, no ano 2018, a Ordenanza Reguladora da Creación de Rede de Oficinas de Turismo INFO RÍAS BAIXAS.

Na Xunta de Goberno Local do 19/07/2021 acordárase a solicitude de integración da Oficina de Turismo que o Concello ten na Praza da Peixería nesa rede de oficinas. E logo asinárase un convenio interadministrativo para esa adhesión que remata a súa vixencia o 16 de xaneiro de 2023.

O 13 de abril 2022, a Deputación Provincial publicou o EDICTO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DO FUNCIONAMENTO DA REDE PROVINCIAL DE OFICINAS DE TURISMO "INFOR RÍAS BAIXAS".

Faise preciso, de acordo co indicado polo servizo de Turismo Rías Baixas, solicitar de novo esa adhesión, logo desa aprobación definitiva da ordenanza reguladora.

Tendo en conta que os requisitos, ventaxas e compromisos para este concello seguen a ser os mesmos que os contidos na ordenanza anterior, a Xunta de Goberno acorda solicitar de novo a adhesión da Oficina Municipal de Turismo de Vilagarcía á REDE PROVINCIAL DE OFICINAS DE TURISMO "INFOR RÍAS BAIXAS".

### **CULTURA**

#### **PRP2023/0014**

A Real Academia Galega de Belas Artes (RAGBA) con motivo do Día das Artes Galegas 2022 organiza unha exposición itinerante sobre o proceso de construción do cadro e a filosofía artística do propio Laxeiro.

Esta atractiva proposta expositiva permite descubrir aos visitantes o minucioso proceso creativo

de Laxeiro, quen a través da magnífica obra fotográfica de Xurxo Lobato mostra a intensa e continua procura do artista da transcendencia en todas as súas acepcións.

Esta exposición proposta pola propia RAGBA requiría un espazo determinado e controlado, sendo a opción elixida por eles a sala de exposicións do Auditorio Municipal.

A exposición inaugurarase o luns 16 de xaneiro e a súa clausura está prevista para o venres 17 de febreiro. Ámbolos dous días corresponden segundo a RAGBA ao montaxe e desmontaxe da mesma.

A montaxe a realizará a empresa A FORXA PRODUCCIÓNS SLU B-15820962 a proposta da propia RAGBA, encargándose directamente de:

- TRANSPORTE, MONTAXE E DESMONTAXE DA EXPOSICIÓN
- AMPLIACIÓN DA PÓLIZA DE “CRAVO A CRAVO” PARA VILAGARCIA
- VINVILOS DE CORTE E SINALÉTICA

O orzamento previsto para esta actividade ascende a un total de 1.452,00€.-(MIL CATROCIENTOS CINCUENTA E DOUS EUROS) IVE engadido.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por A FORXA PRODUCCIÓNS SLU para a realización da exposición da RAGBA: “Acción Laxeiro” do 16 de xaneiro ao 17 de febreiro de 2023, polo importe de 1.452,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.22612.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:00 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.